

## Ditames Comisión asesora PEPRI entre o 01/07/2023 e o 30/09/2023

- Rúa Arco, nº 17

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm.: 8522212

Actuación proxectada: Rehabilitar e reestruturar o edificio

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta para cimentar o edificio e modificar a estrutura autorizada.

### Ditame:

A Comisión quere facer constar como introdución do asunto a tratar, que foi derrubado un edificio catalogado.

Non se trata, xa que logo, da rehabilitación do edificio, como figura no proxecto para o que se concedeu a licenza, senón da substitución do edificio catalogado por outro de nova planta.

Trátase a solicitude como unha obra de nova edificación polo que terá que acomodarse ao establecido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016, 4 de maio, artigo 135 relativo a obriga de restaurar o ben obxecto da infracción e o art. 40.1 f) sobre os modelos de intervención, refire a restauración como as accións para restituír o ben ou as súas partes ao seu **debido estado**.

O artigo 66.1.a) do PEPRI define os supostos de reconstrución coma a reposición mediante unha nova construción dun edificio preexistente, total ou parcialmente desaparecido, no mesmo lugar, reproducindo as súas características morfolóxicas.

Polo dito, a interesada ven obrigada a manter o sistema estrutural do edificio con muros de carga sen prexuízo de que xustificadamente, poida inserir os reforzos que fosen precisos.

A Comisión considera que se debe dar traslado ao Departamento de Disciplina para tramitar o procedemento que corresponda á infracción tipificada na citada Lei 5/2016.

- Rúa Porta de Aires, nº 1

Nivel de protección: Estrutural. Ficha núm. 9224301

Actuación proxectada: substituír o miradoiro

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta de intervención consonte o estudo sobre o estado dos elementos.

### Ditame:

A proposta de intervención que se achega infórmase favorablemente toda vez que se destina a conservar o elemento protexido, baixo as seguintes condicións:

- A intervención será de conservación e mantemento da galería, polo que as carpinterías serán as mesmas e con idénticas características, morfoloxía, cores e materiais.

- Logo de documentar e xustificar a necesidade de repoñer algunha peza non recuperable, poderá substituírse con próteses iguais.

- Rúa San Andrés, nº 45-47

Nivel de protección: ambiental. Fichas núm.: 8724005 y 8724004

Actuación proxectada: Reestruturar, ampliar e unir funcionalmente os dous edificios.

Obxecto da consulta: Se os admisibles os cambios no sistema estrutural respecto do autorizado na licenza.

Ditame:

O artigo 80 do PEPRI relativo as actuación autorizables en edificios protexidos con nivel ambiental establece que poden autorizarse as obras que manteñan o seu sistema tipolóxico estrutural.

En consecuencia, os muros de carga e o sistema que levan e seu teñen que manterse como sistema estrutural tipolóxico deste edificio, e por tanto non se autoriza a modificación que se solicita.

Se as obras necesarias para unir funcionalmente os edificios non se acomoda co réxime de protección deles non pode autorizarse.

No que respecta a intervención arqueolóxica, as 8 catas realizadas tiveron como resultado a aparición de restos de estruturas en 4 delas. As ditas estruturas pendentes de avaliar poden afectar á intervención no inmovible, e polo tanto á solución arquitectónica contida no proxecto, o que impide avaliar neste intre a solución proposta sen coñecer o resultado final dos traballos arqueolóxicos.

- Rúa San Andrés, nº 69-71

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm.8522206

Actuación proxectada: Recuperación da fachada e instalación do ascensor.

Obxecto da consulta: alegacións ao ditame sobre a ubicación do ascensor no oco da escaleira catalogada

Ditame:

Logo de avaliar as diferentes propostas que se achegan para implantar o ascensor neste edificio que conta con protección de nivel integral, e protexe especificamente a escaleira, enténdese máis idónea a disposición do elevador no patio, nomeadamente, a opción C.

A comisión considera necesaria, para coñecer a idoneidade da dita posición, que se realice unha visita de inspección para avaliar previamente a configuración do patio e da escaleira.

- Rúa Orzán, nº 127

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8422101

Actuación proxectada: Reconstruír un edificio en solar vacante con muros protexidos.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta que se presentou consonte o anterior ditame, respecto da documentación da fachada e do volume da cuberta do edificio.

Ditame:

O proxecto ten que xustificar o cumprimento íntegro da normativa de habitabilidade e a de accesibilidade.

A formalización da galería que é un corpo acristalado que se dispón sobre a fachada ten que contar cunha cuberta independente, tal e como se establece no artigo 102 do PEPRI.

O corpo que se documenta coa solicitude non cumpre estas características polo que non pode ser autorizado.

A cuberta será de faldóns continuos e arrancará desde o borde da cornixa, e nunca desde petos e recrecidos, consonte dispón o artigo 118 do PEPRI.

Deberá integrarse a estrutura preexistente do balcón co forxado da planta correspondente, reaxustando os forxados ao seu estado orixinal.

- Rúa Orzán, nº 126

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8423004. TB. (inspección previa)

Actuación proxectada: Rehabilitar o inmovible.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame anterior sobre a formación da cuberta, co proxecta da derruba da estrutura de madeira que se substitúe por unha metálica con forxado colaborante, así como sobre a cornixa do edificio.

Ditame:

O artigo 97 do PEPRI obriga con carácter xeral a manter as envolventes da cuberta dos edificios existentes, polo que cómpre rexeitar as alegacións que se achegan.

Respecto á comparativa co edificio colidante que se alega, débese subliñar que se trata de intervencións e supostos ben diferenciados. No caso da comparación tratouse da elevación do edificio cunha nova planta, consonte o previsto na ficha do catálogo que lle corresponde, polo que se transformou a cuberta consonte prevé o artigo 97.2do PEPRI.

A altura da cuberta que se solicita verificase que resulta de maior altura que a do edificio lindeiro ao que se refire na alegación.

Por outra banda, comprobouse que os planos de sección e alzado actual non se corresponden coa realidade.

A formación da cuberta que se proxecta incumpe o establecido polo artigo 118 do PEPRI porque non arrinca do bordo da cornixa.

Por tanto, desestímense as alegacións que se achegan e infórmase negativamente o proxecto.

- Rúa Franxa, nº 40

Nivel de protección: Non catalogado

Actuación proxectada: Reestruturar o edificio para implantar o uso hoteleiro.

Obxecto da consulta: Sobre as condicións de eliminación dos elementos incompatibles no réxime de fóra de ordenación.

Ditame:

Este edificio resulta incompatible co planeamento por razón da altura, o que determina que resulte de aplicación o artigo 73 do PEPRI, que establece que excepcionalmente poden autorizarse obras parciais e circunstanciais de consolidación sobre os elementos desconformes se ditas obras achéganse con actuacións de acomodación as previsións do planeamento.

A solicitude ten por obxecto implantar o novo uso, hoteleiro, do que resulta a necesidade de executar no edificio as obras necesarias para o dito fin. O alcance destas determina que a última planta na liña coa edificación debe recuarse para acadar a forma de ático, eliminando o impacto deste elemento inaxeitado na imaxe urbana e sobre a rúa, especialmente estreita.

- Rúa Real, nº 37

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8823009 .(AC), (TF) (TB)

Actuación proxectada: Renovar a cuberta e a fachada da última planta do edificio, illar o patio interior e rehabilitar as galerías.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame anterior cunha proposta de illar co sistema SITE no patio interior.

Ditame:

As obras que se solicitan consonte o documento técnico para acondicionar a fachada da última planta e a cuberta non se acomodan coas previsións da ficha do catálogo que lle corresponde a este edificio que prevé a obriga de axustar a cuberta as determinacións normativas, artigo 97 do PEPRI. Isto implica que se elimine a construción que se dispón sobre o ático.

De non eliminarse os elementos descontextualizados, o alcance da intervención ten que limitarse a obras de conservación e mantemento do existente.

Respecto a posibilidade de illar a parte do patio que se solicita co sistema SITE, aínda que non se trata dun sistema que poida ser admitido con carácter xeral, pola desvirtualización do carácter e percepción dos edificios, considerase que o patio ou “patinillo” é interior e de reducidas dimensións, e non pode ser visto desde ningún ángulo de visión pública da cidade, e non afecta a ningún elemento de interese ou protección, polo que pode admitirse sempre que o acabado sexa de grao fino.

- Rúa Barrera, nº 15 - 4º

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8724312

Actuación proxectada: Legalización das obras dunha vivenda.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame anterior respecto do tratamento da cor da medianeira.

Ditame:

A comisión reitérase no contido do seu ditame anterior, e considera axeitada a suxestión sobre a conveniencia de pintar todo o baixo cuberta do edificio cun tratamento homoxéneo que evite que permaneza parte dun dos paramentos en cor vermella.

- Praza María Pita, nº 11, 3 D

Nivel de protección: (I) Monumental. Ficha núm. 9123401

Actuación proxectada: reforma vivenda.

Obxecto da consulta: Alegacións aos informes técnicos, sobre as condicións da carpintería exterior que proxecta de aluminio con forrado de madeira y oito vidros de dobre acristalamento, e as do patio e fachada traseira de aluminio.

Ditame:

Executáronse obras de reforma na vivenda do edificio que conta con nivel de protección monumental sen licenza e sen axustarse ás condicións de intervención establecidas polo PEPRI.

A modificación da carpintería exterior resulta inadmisíble, a carpintería das ventás debe ser de madeira, con cristais simples e con idéntica morfoloxía e cor que as existentes (artigo 115 do PEPRI).

O Proxecto de reposición da legalidade que achega infórmase desfavorablemente, deberá presentarse un novo proxecto que sexa axustado á normativa de protección dun edificio monumental, e inserir nomeadamente as medidas que se dispoñerán para repoñer os elementos protexidos que foron alterados.

A Comisión considera que debe remitirse o actuado ao Departamento de Disciplina Urbanística co obxecto de tramitar o procedemento que corresponda.

- Rúa Sinagoga, nº 12

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 9423106

Actuación proxectada: Reestruturar e ampliar o edificio para dispor unha vivenda unifamiliar.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame anterior sobre a solicitude de dispor dobres fiestras de madeira fóra e de aluminio dentro, e no patio de aluminio, negro, na fachada, que tamén se proxecta illar co sistema SITE nas plantas da ampliación.

Ditame:

A Comisión reitérase no contido do seu ditame anterior.

Este edificio ubícase no contorno de aplicación da ordenanza CV, artigo 142.5 que establece unha salvagarda xeral das edificacións deste conxunto, para que se manteñan as estruturas pétreas existentes, a lóxica estrutural orixinaria e prioriza as actuacións de conservación e mantemento sobre as de substitución.

O muro, que mantén a súa capacidade portante neste intre, debe manterse.

A aparición de restos arqueolóxicos de consideración coma o pavimento de cantos rodados, poden determinar modificacións substanciais do proxecto de intervención neste edificio.

As ventás serán de madeira consonte recolle o artigo 115 do PEPRI, para os edificios conxunto do contorno declarado BIC , e para os edificios que xa contén con carpintarías de madeira, parágrafo 3º do dito precepto.

Os cristais serán simples e a escuadría reproducirá a existente.

Respecto da cuberta, que se proxecta cunha altura superior á autorizable porque arrinca desde un peto recrecido, non resulta autorizable.

Non se admite un sistema de illamento exterior SITE nas plantas ampliadas, porque non é un sistema previsto no artigo 106 do PEPRI, e toda vez que se trata de plantas de nova construción deben construírse debidamente illadas.

As cores deben ser as establecidas nos artigos 107 e 115 do PEPRI, non se admite a cor negra.

Rexéitanse as alegacións que se achegan e infórmase desfavorablemente o proxectado.

- Rúa Franxa, nº 1- Praza Maria Pita, nº 23

Nivel de protección: Monumental. Ficha núm. 8924511

Actuación proxectada: Intervención na cuberta, fachada, patio de luces, escaleiras e instalacións comúns.

Obxecto da consulta: Alegacións ao ditame anterior respecto a substituír as ventás de madeira da escaleira por outras de aluminio que se informaron desfavorablemente, e tapiar algunhas fiestras da escaleira.

Ditame:

A Comisión reitérase no seu ditame anterior.

O edificio conta con protección de nivel monumental, no contorno BIC.

As carpintarías da ventás serán de madeira, coas mesmas características que as existentes.

- Rúa Álvaro Cebreiro, nº 4

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8622326 (TB-AC)

Actuación proxectada: Rehabilitación do inmovble.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta de intervención que achega consonte o ditame anterior.

Ditame:

A proposta que se achega para dispor o acceso a vivenda distinto do acceso ao local resulta compatible co nivel de protección deste edificio. A intervención non é integral polo que se informa favorablemente.

- Rúa Anxos, nº 5 - 1ºD

Nivel de protección: II Integral . Ficha núm. 9223201.

Actuación proxectada: Reforma vivenda.

Obxecto da consulta: Compatibilidade do proxecto de reforma coa protección integral do edificio.

Ditame:

A reforma da vivenda que se proxecta acomódase ás determinacións do PEPRI, polo que se informa favorablemente, sen prexuízo de que se avalíe o cumprimento da normativa de habitabilidade das vivendas.

- Rúa Orzán, nº 130

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8423002.(TA)

Actuación proxectada: Viabilidade de Rehabilitación do inmovble.

Obxecto da consulta: Avaliar as alegacións e a documentación sobre os antecedentes da formación da cuberta deste edificio.

Ditame:

O edificio conta con protección de nivel estrutural, artigo 79 do PEPRI, polo que, consonte o artigo 97 do PEPRI, deberá observar a obriga que con carácter xeral se establece de manter as envolventes da cuberta dos edificios existentes, polo que cómpre rexeitara as alegacións que se achegan.

- Rúa Real, nº 69

Nivel de protección: III Estrutural Ficha núm. 8622408

Actuación proxectada: Reforma de local.

Obxecto da consulta: Condicións do tratamento dos accesos na fachada do local, con carpintarías e disposición das persianas e elementos de seguridade; condicións de intervención na fachada da Mariña.

Ditame:

A reforma interior do local que se proxecta infórmase favorablemente, sempre que conserve os elementos decorativos orixinais existentes.

A intervención na fachada do acceso á Mariña infórmase favorablemente toda vez que recupera as características da fachada orixinal. Ao tempo, debe repoñerse a fachada alterada da rúa Real, coa disposición nos ocos de acceso de carpintaría de madeira, consonte o art. 115 do PEPRI.

Os rótulos e os carteis dispoñeranse consonte establecen os artigos 124 e 125 do PEPRI.

- Rúa Torreiro, nº 17 BJ - Rúa San Andrés, nº 5

Nivel de protección: IV Ambiental Ficha núm. 8724055. (TB)

Actuación proxectada: Reforma de local comercial.

Obxecto da consulta: Avaliar a modificación dos ocos da fachada e a decoración co recercado perimetral con montantes e travesaños de aluminio rematado en madeira.

Ditame:

O oco da fachada do edificio na rúa Santo André que proxecta modificar para dispor unha porta de acceso pode autorizarse sempre que sexa harmónica e das mesmas dimensións que a porta de acceso ao edificio existente.

Na fachada do edificio na rúa Torreiro poderá manter as carpinterías se non modifica os ocos.

As ventás de ambas as dúas fachadas teñen que eliminar as particións que se representan nos planos do documento técnico que se achega.

- Rúa Florida, nº 34

Nivel de protección: Non incluído. Situado no contorno do Conxunto Histórico declarado BIC

Actuación proxectada: Construción de edificio.

Obxecto da consulta: Ditame sobre se dispor un corpo voado en forma de galería, sobre as súas características; a solución da cornixa e implantar unha vivenda na planta baixa con elevación 70 cm respecto da rúa.

Ditame:

O proxecto que se achega para construír un edificio nesta parcela incumpre as limitacións dos voos establecidas no artigo 102, non se dan as condicións previstas con relación ás edificación catalogadas do contorno, non se trata dunha galería e impacta moi negativamente na percepción da igrexa de San Nicolás como Monumento que é.

Pola outra banda, o ancho da rúa resulta incompatible coa disposición do elemento pechado voado sobre ela.



A formación da cuberta que se proxecta incumpre as determinacións do artigo 118 do PEPRI porque non arrinca desde o bordo da cornixa.

Por tanto, infórmase desfavorablemente.

- Rúa Cega, nº 4

Nivel de protección: sen catalogar

Actuación proxectada: Se illar este edificio coas características da súa fachada co sistema SITE resulta admisible.

DITAME:

Este edificio conta cunha composición na fachada principal con molduras nos ocos, bordos, voos, que a definen e lle dan a súa personalidade, polo que o sistema de illamento SITE que se solicita resulta incompatible co mantemento destas características.

Por tanto, infórmase negativamente.

Non en tanto, considerando que conta con protección especial, a fachada traseira sen molduras pode ser illada co sistema SITE que e solicita; se ben os tendais que permiten a roupa á vista desde a vía deben eliminarse.

Para dispor un novo sistema de tendais deberán achegar unha proposta de instalación para toda a fachada cun sistema compatible coas previsións estéticas do PEPRI e co artigo 6.5.14 do PXOM cun deseño que impida ver a roupa desde a vía pública.

- Rúa Rego da Auga, nº 54

Nivel de protección: III Estrutural Ficha núm. 8824505

Actuación proxectada: Instalación de toldo, substitución dos azulexos color amarelo do zócalo inferior, o vinilo nos escaparates, substituír as luminarias e modificar a cor dos elementos de madeira interiores.

Obxecto da consulta: Compatibilidade da proposta co nivel de protección.

Ditame:

Infórmase favorablemente a reforma do local que se solicita baixo as seguintes condicións:

- A fachada deste edificio deberá manter os elementos e características coas que conta na actualidade, os mesmos materiais e as mesmas cores.
- No interior deberán manterse todos os elementos decorativos que personalizan e caracterizan este local, así como as mesmas cores e materiais.
- Os escaparates deben manterse na situación actual.

Respecto dos vinilos aos que fai referencia, non veñen definidos nin documentados polo que a Comisión non pode pronunciarse sobre eles; debe requirirse a dita documentación.

O toldo debe ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Rúa Campo da Estrada, nº 1 - 2º e 4º - rúa General Aleson, nº1 - 2º

Nivel de protección: Sen catalogar

Actuación proxectada: Modificar a envolvente do edificio e substituír a carpintaría exterior por outra de aluminio e dispor as persianas polo exterior.

Obxecto da consulta: Se resulta admisible a proposta da envolvente e substituír a carpintaría exterior por outra de aluminio e dispor as persianas polo exterior.

Ditame:

A carpintería deste edificio que se atopa no contorno BIC, deberá ser de madeira consonte establece con carácter xeral o artigo 115 do PEPRI para os edificios do conxunto do contorno do BIC.

Infórmase desfavorablemente o solicitado.

- Rúa San Andrés, nº 19- 17 e rúa Voluntariado, nº 6

Nivel de protección: V Interese ambiental no conxunto- Ficha núm. 8724017

Actuación proxectada: Corrixir a ficha e os planos de catalogo do PERI/15.

Obxecto da consulta: Informe sobre a protección dos edificios inseridos da dita ficha.

Ditame:

Como resposta á súa consulta, a Comisión comprobou que os edificios inseridos na ficha á que se refire están catalogados.

- Rúa Panaderas, nº 37

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8825013

Actuación proxectada: Cambio de una cuberta de uralita con amianto por una nova cuberta plana con estrutura mixta aceiro-madeira situada en planta baixa

Obxecto da consulta: Se resulta admisible a reforma da cuberta da planta baixa posterior para habilitar como terraza transitable.

Ditame:

A reforma da cuberta da planta baixa, posterior, que se solicita infórmase favorablemente por resultar acorde coas determinacións do PEPRI.

- Rúa Real, nº 12

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 87230. TB

Actuación proxectada: Intervención na fachada.

Obxecto da consulta: Avaliar a proposta destinada a recuperar a fachada consonte o alzado anterior con cristal e madeira.

Ditame:

A recuperación da fachada da planta baixa deste edificio consonte o plano de alzado de fachada histórico que se achega informase favorablemente.

- Rúa Alameda, nº 24-26-28-16

Nivel de protección: sen protección.

Actuación proxectada: Construír un edificio

Obxecto da consulta: Admisibilidade de dispor os corpos voados que se proxectan.

Ditame:

Infórmase desfavorablemente este proxecto porque a composición da fachada que presenta incumpre as determinacións dos artigos 102 do PEPRI, respecto dos voos con corpos pechados que presentan un historicismo non autorizable, nin se configuran coa variante de galerías que se xustifiquen en consideración coas edificacións catalogadas do contorno, e que se avalían segundo o ancho do viario público.

A planta baixa non está axustada coa altura da planta baixa do edificio catalogado lindeiro, como esixe o artigo 96.2 do PEPRI.

A altura da fachada a cornixa non pode exceder de 15,90 m.

- Rúa Rego da Auga nº 7 (Galería á Avda. da Mariña)

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8923210. TA-TB

Actuación proxectada: Instalar unha lona na fachada

Obxecto da consulta: Admisibilidade da lona que dispón.

Ditame:

As lonas que se dispoñan na medida que cobren a fachada do inmovible e impiden a súa percepción, deberán reproducir a fachada existente do edificio e inserir nesta a publicidade dentro dos seus elementos, podendo ocupar un máximo do 25%.

- Rúa Real, nº 87

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Dispor vinilos na fachada

Obxecto da consulta: Admisibilidade de dispor vinilos na fachada coas características proxectadas.

Ditame:

A documentación que se achega resulta insuficiente para poder avaliar a idoneidade dos vinilos que se solicitan. Deberán achegar a documentación técnica destes, que defina as súas características, medidas, cores e lendas.

En todo caso cómpre subliñar que non se admiten os acabados de espello nin en cristais nin en vinilos.

- Rúa Real, nº 1 (Casa paredes)

Nivel de protección: I Monumental Fichas núm.: 8823027. (TB)

Actuación proxectada: Colocar vinilo impreso laminado nos ocios cegos da fachada Calexón Agar e bandeirolas sen iluminación de 50x 50 cm (2 una en cada fachada)

Obxecto da consulta: Viabilidade da dita intervención.

Ditame:

Os vinilos que se dispoñan na fachada do edificio deben disporse de xeito que minimicen o seu impacto no edificio e non desvirtúen a percepción dos seus elementos arquitectónicos e ornamentais.

A documentación técnica que se presente xunto coa solicitude de licenza deberá definir as súas características, dimensións, materiais, cores, e lendas e determinar nomeadamente o seu emprazamento.

As bandeirolas deberán solicitarse coa documentación técnica que as defina e xustifique o cumprimento do establecido no artigo 125 do PEPR.

- Rúa Marqués Pontejos, nº 5

Nivel de protección: IV Ambiental Fichas núm.: 8825407

Actuación proxectada: Reforma de fachada.

Obxecto da consulta: Se a intervención resulta autorizable e avaliar a cor da carpintería da porta de acceso.

Ditame:

A intervención que se solicita infórmase favorablemente por axustarse á condicións recollidas nos artigos 105 e 106 do PEPR.

- Rúa Real, nº 82-84

Nivel de protección: IV: ambiental. Ficha núm. 8522423 e 8522424

Actuación proxectada: Mellora de accesibilidade, instalación dun ascensor e ampliación en altura.

Obxecto da consulta: Presentan unha modificación do proxecto de reforma do edificio para o que se concedeu licenza, coa implantación dun ascensor, e ampliación dunha planta.

Ditame:

A posición do ascensor que se solicita sería autorizable; porén a Comisión non pode avaliar a solución que se proxecta porque non se define este elemento nos planos de sección e alzados.

O foxo require que se achegue o proxecto da intervención arqueolóxica.

A ampliación do edificio cunha nova planta sería admisible. Porén, infórmase desfavorablemente o proxecto respecto da cornixa da galería ampliada que recolle a sección do plano do proxecto.

Infórmase desfavorablemente a cuberta que se proxecta porque arrinca do voo da galería e non da liña de fachada.

A altura máxima da nova planta será a da planta inmediatamente inferior, respectando a proporción da fachada consonte o artigo 96.2 do PEPRI.

Infórmase desfavorablemente a disposición dunha barandiña sobre a galería existente.

- Avda. Montoto, nº 2

Nivel de protección: I: Monumental. Ficha núm. 9023208

Actuación proxectada: Reformar local destinado a bar.

Obxecto da consulta: Compatibilidade da reforma co nivel de protección monumental.

Condições para tratar a fachada.

Ditame:

A reforma que se proxecta resulta compatible coas determinacións do PEPRI, polo que se informa favorablemente.

A fachada manterase nas condicións actuais.

Os rótulos ou bandeirolas deberan obter a previa autorización municipal para o que achegaran a documentación técnica que xustifique o cumprimento dos artigos 124 e 125 do PEPRI.

Os toldos requiren a previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Rúa Galera, nº 10-12

Nivel de protección: II: Integral. Ficha núm. 8724320

Actuación proxectada: Conservación e adecuación da fachada.

Obxecto da consulta: Compatibilidade desta intervención na fachada da planta baixa.

Ditame:

Infórmase favorablemente a intervención que se proxecta na fachada deste edificio, baixo as condicións seguintes:

- A cor e o deseño da porta reproduciran os da porta do baixo comercial rehabilitado, recuperando o deseño en círculos, orixinal.

- Praza María Pita, nº 6

Nivel de protección: II: Integral. Ficha núm. 9124201

Actuación proxectada: Reparación e mantemento da galería e terraza.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer.

Ditame:

Infórmase favorablemente a reparación e mantemento dos elementos da galería e da terraza do edificio baixo as seguintes condicións:

- A intervención será de conservación e mantemento, e poderá substituír elementos puntuais irrecuperables, xustificadamente, con próteses iguais.
- Manteranse as carpintarías e os vidros sinxelos coma os existentes.
- A pintura a utilizar será branca e mate, sen brillos.

- Cantón Grande, nº 7

Nivel de protección: II. Integral. Ficha núm.: 8421309

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio.

Obxecto da consulta: Análise da carpintería e da configuración da planta baixa.

Ditame:

A modificación dos accesos en planta baixa dos dous laterais autorizados a un só acceso central que se solicita infórmase favorablemente no senso do contido do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co acordo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural da Coruña do 20-07-2023.

Non se autoriza ningunha modificación do proxecto autorizado na entreplanta sobre a planta baixa, nomeadamente no teito, tal e como reflicte a infografía achegada.

- Rúa Juana De Vega, nº 35

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Rehabilitación de fachada e cuberta.

Obxecto da consulta: Admisibilidade deste sistema de illamento SITE na fachada segundo a xustificación que se achega.

Ditame:

Na fachada actual aprecíase a disposición de diferentes tonalidades ou calidades no chapado de pedra, que producen un xogo de luz e volume que lle dá personalidade ao edificio, e acomódase cos edificios lindeiros, polo que se informa desfavorablemente o proxecto para illar as fachadas do edificio co sistema SITE, toda vez que o resultado afecta negativamente á presenza daquel no seu entorno, e produce un menoscabo dos valores ambientais do contorno urbano.

- Praza de España, nº 32

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8927215.

Actuación proxectada: Reparación estrutural da cuberta e fachada.

Obxecto da consulta: Se reestruturar a cuberta e dispor zinc resulta admisible como solución da cuberta deste edificio.

Ditame:

A solicitude que se presentou para reestruturar a cuberta deste edificio, non documenta suficientemente o estado de deterioro da estrutura de madeira, polo que deberá achegarse a documentación que xustifique a necesidade de substituír a totalidade da estrutura da cuberta e non de determinados elementos con uso de próteses iguais.

O volume da cuberta deberá axustarse a existente.

- Praza San Agustín, Postos 5-7

Nivel de protección: II integral. Ficha núm. 89250

Actuación proxectada: Reforma interior dos postos 5 e 7 para a actividade de venda de moda.

Obxecto da consulta: Se pode admitirse a derruba do mostrador, e o recrecido do solo con morteiro alixeirado e dispor un pavimento de tarima flotante. Carteleira en cor rosa.

Ditame:

A intervención que se proxecta non se axusta aos criterios de intervención estéticos establecidos pola memoria do Servizo de Edificación do 18-05-2023 (exp. 111/2023/60), para a implantación dos usos dos locais municipais do Mercado de San Agustín, e que conta co ditame favorable desta comisión do 25-05-2023.

Non se admite o recrecido do solo que se proxecta e que afecta a rasante do zócolo do edificio.

Non se admite a derruba do mostrador orixinal, que se configura como un elemento distintivo do deseño destes espazos dentro do edificio de mercado.

A cor da cartelería en cor rosa non se acomoda cos criterios establecidos.

Por tanto, infórmanse desfavorablemente as obras que se proxectan.

A configuración do acceso e as reixas do edificio deben respectarse.

- Praza San Agustín, Postos 17-19-21

Nivel de protección: II integral. Ficha núm. 89250

Actuación proxectada: Reforma interior do posto 17-19-21 para cantina e tenda comestibles.

Obxecto da consulta: Accesibilidade e accesos.

Ditame:

As obras deberán axustarse aos criterios de intervención estéticos establecidos pola memoria do Servizo de Edificación do 18-05-2023 (exp. 111/2023/60), para a implantación dos usos dos locais municipais do Mercado de San Agustín, e que conta co ditame favorable desta comisión do 25-05-2023.

Xustificárase o cumprimento da normativa de accesibilidade nos accesos ao local.

A configuración do acceso e as reixas do edificio deben respectarse.